

# TUTORIAL AULA VIRTUAL




Benvidos/as á **AULA VIRTUAL** do **C.E.I.P. PLURLINGÜE DE PALMEIRA**. Co seguinte tutorial poderás acceder a todos os servizos que ofrece a aula virtual do noso centro.


## A - COMO ACCEDER DENDE UN ORDENADOR, TABLET OU MÓBIL:

1.- Para **acceder** iremos á páxina web do colexio:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippalmeira/>



2.- Buscamos nas lapelas da parte superior **AULA VIRTUAL** e prememos.



3.- Escollemos unha **CATEGORÍA**. (para este tutorial escolleuse E. Primaria).

4.- Escollemos o **CURSO** ao que queremos acceder.

**Acceder**

Nome de usuario

Contrasinal

Lembrar o nome de usuario

Esqueceu o seu nome de usuario ou o contrasinal?

Debe ter as cookies activadas no seu navegador [?](#)

Alguns cursos permiten o acceso a convidados

5.- Abrirase unha xanela onde se pode escoller a forma de entrar no curso. **Hai dúas maneiras de facelo:**

**A-** Se o alumno/a ten **nome de usuario** e **contrasinal** deben escribirse nos apartados correspondentes e premer en aceptar. Xa estará dentro do curso seleccionado onde poderá ver as diferentes tarefas propostas.

**B-** Se non se ten usuario e contrasinal poderá acceder como **convidado** premento no cadro sombreado que pon **"Acceder como convidado"** escribindo o contrasinal que lle facilitou a súa titora ou titor.